

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

TENDO EN CONTA que se detectou a necesidade urxente e inaprazable de cubrir temporalmente a praza da funcionaria, dona Beatriz Durán Rodríguez, pertencente á Escala de Administración Especial, subescala administrativa, posto de auxiliar técnico de biblioteca e cultura do Concello de Oroso, ata que se incorpore do permiso, vacacións ou licencia que solicite acumulados á baixa por maternidade e a imposibilidade de suplir a deficiencia temporal co escaso persoal existente no Concello.

LOGO DE VER o informe favorable de secretaria é intervención do 26/06/2014 respectivamente.

LOGO DE VER a Resolución de alcaldía do 24/01/2014 pola que se aproba a bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal do posto de traballo de auxiliar técnico de biblioteca e cultura, no Concello de Oroso, convocadas por Resolución de Alcaldía do 11/11/2013(BOP núm. 220, do 19/11/2013):

APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
CARRERA FERREIRO MARTA	32702575W	17,05
ROMERO CASTRO LORENZO	44834065G	16,65
GARCIA PARGA ANGELA CRISTINA	32692665M	16,22
IGLESIAS BLANCO ANASTASIO SANTOS	44812192G	15,19

TENDO EN CONTA as competencias atribuídas ao alcalde-presidente polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. Proceder ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, para cubrir a praza de dona Beatriz Durán Rodríguez, en tanto non se incorpore á súa praza, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

SEGUNGO.- Aprobar o gasto con cargo as partidas 929.149.00 e 231.160.00 por importe de 2.945,88 euros e 904,38 euros respectivamente.

SEGUNDO. PUBLICAR este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Oroso.

Mándao e asínao o alcalde.

Oroso, 26 de xuño de 2014

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira

Ante min, o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

